

**APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO
DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS A
IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXA EMISIÓN
NAS CIDADES GALEGAS. VG-4.3**

CLAVE: PO/22/117.06.1

1. Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a execución dun aparcadoiro disuasorio en itinerario, localizado na glorieta do enlace da V.G.-4.3 coa N-640 no lugar de Coruxo (Vilagarcía de Arousa), co fin de fomentar o uso compartido de vehículos para viaxes pendulares entre a zona do Salnés e o área metropolitana de Pontevedra e deste xeito contribuír á implantación de zonas de baixas emisións nelas.

2. Plan de Estradas

A estrada V.G.-4.3, pertence a rede estruturante das autovías da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As obras consistirán na construción dun aparcadoiro tipo carpool, sobre un recheo existente adxacente á glorieta do enlace da V.G.-4.3 coa N-640, cunha capacidade de 59 prazas, 9 delas en liña e o resto en batería. Dúas destas prazas estarán reservadas para persoas con mobilidade reducida (PMR) e haberá 2 puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Disporase unha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación que serán de sentido único. Polo perímetro exterior do aparcadoiro disporase unha franxa verde de 1,30 metros de ancho na que irá o arborado e o alumeado. Na marxe dereita das prazas en liña que se atopan no bordo Este disporase unha franxa de lastro de 1,00 m para facilitar o descenso dos usuarios do vehículo, cunha varanda de madeira de 90 centímetros de alto e 40 m de largo; e na súa marxe esquerda disporase dunha franxa de 1,50 metros en formigón desactivado como itinerario peonil. Para o acceso ao aparcadoiro e necesario acondicionar o vial de acceso existente.

4. Características técnicas

Superficie construída: 1.950 m²

Sección tipo

- Aparcadoiro: variable, en batería 2,50 x 5,00 m (agás as PMRs que serán de 4,00 x 5,00 m) e en liña serán de 2,25 m de ancho x 5,00 m de lonxitude.

- Senda: de ancho variable mínimo 1,80 m con elevación respecto a rasante da calzada é de 10 cm.

- Viais interiores: de sentido único cun ancho mínimo de 3,00 m.

Firmes e pavimentos:

- Explanada: sobre 45 cm de solo seleccionado colocaranse 20 cms de saburra artificial e sobre esta unha capa de rodadura formada por 20 cm de formigón HF-4,0 desactivado con árido de anfibolita de cor negra con mallazo 15x15x8. Nas franxas de circulación de vehículos a capa de formigón irá con acabado fratasado.

- Senda: será de formigón HF-4,0 (14 cm) , 8 cm de cor gris e os 6 cm superiores con acabado en cor terrizo.

- As beirarrúas formigón con acabado terrizo e bordo estético sobre saburra de árido reciclado.

Drenaxe

Na zona de aparcadoiro empregará 9 sumidoiros conectados a 8 pozos mediante tubaxe de PVC Ø 200, nun colector de PVC Ø400 conectado á rede existente na vía de acceso.

Estruturas

Será necesario retranquear o muro de colleira existente entre os p.q. 0+024,3 e 0+080. O novo muro terá unha altura máxima de 1,50 m e unha lonxitude de 57 m.

Alumeado

Instalaranse 4 luminarias de 40 W e 7 de 62 W sobre columnas de 6 e 10 metros respectivamente.

5. Poboación Servida

Vilagarcía de Arousa 37.677 hab.

TOTAL: 37.677 hab.

6. Concellos Afectados

Vilagarcía de Arousa

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 1 (96 m²) no concello de Vilagarcía de Arousa

Expropiación Terreos e bens afectados 345,60 €

Premio de afección 5% 17,28 €

Total 362,88 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CINCO (5) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 519.328,67€.

Orzamento expropiacións 362,88 €

Orzamento para coñecemento da administración: 519.691,55 €.


10. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Vilagarcía de Arousa	519.691,55 €	100

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO



PLANTA

